



CAMPAÑA SUBSCRICION DE AVAIS MANCOMUNADOS SOLICITUDE DE EMPRÉSTITO DE SINERXIA A COOP57 SERVIZOS FINANCEIROS ETICOS E SOLIDARIOS 2015

1. MOTIVACION E CARACTERISTICAS DO EMPRÉSTIMO

A **Federación de Cooperativas SINERXIA** somos unha asociación de asociacións de cooperativas, conformada por cinco organizacións sócias que, desde 1994, e sen ánimo de lucro, desenvolvemos a nosa actividade no ámbito territorial de Galiza, e que abrangue desde un labor representativo da base social até a sensibilización e divulgación do cooperativismo e a economía solidária através de actividades formativas, de asesoramento e de organización de eventos. Para máis información, visitar o web : www.sinerxia.org

Para financiar os **gastos normais de funcionamento e a programación de actividades para o período 2015-16**, acordamos solicitar a Coop57 Servizos Financeiros Eticos e Solidarios, da que facemos parte como sócia de servizos, un **empréstito** coas seguintes características :

IMPORTE : 18.000,00 € / Dezaoto mil euros.

PRAZO DE AMORTIZACIÓN : 12 meses sendo seis de caréncia.

MODO DE AMORTIZACION : Por cotas mensuais

TIPO DE XURO : 6,75 % anual.

OUTROS GASTOS : A operación non terá ningún tipo de comisión e gasto adicional.

Esta é a **cuarta solicitude de empréstito** que realiza SINERXIA a Coop57, tendo as anteriores amortizadas.

Ademais, SINERXIA ten contratada unha **póliza de crédito con Caixa Rural Galega Coop.** por importe de 20.000 € desde Abril de 2015, a doce meses, para o mesmo fin que o empréstito solicitado a Coop57.

Por último, desde SINERXIA acreditamos que a nosa actividade e as necesidades a satisfacer através desta solicitude, responden ás **condicións que Coop57 exige ás súas entidades sócias para que poidan recibir financiamento** que son :

- Ter unha finalidade de interese social, en amplo senso.
- Ter arraigamento no territorio
- Colaborar na construción dunha sociedade máis solidária

Rúa Fernández Villaverde, 4 1º Andar Dereita 36002 Pontevedra

Teléf : 986 896 526 673 524 748

sinerxia@sinerxia.org www.sinerxia.org

Inscrita no Rexistro de Asociacións Cooperativas - Sección Central - Tomo 1 Fólío 8 Asento nº 1 Co nº 8 SCTA CIF V36783470

- Funcionamento con criterios de xestión democrática e autonomía.
- Viabilidade económica
- Carácter non lucrativo ou lucro limitado.
- Ter capacidade suficiente para retornar o importe do empréstimo solicitado.

Para elo xuntamos con este informe, 1) a **memória actualizada da entidade**; 2) **previsión de orzamentos para 2015 e caixa 2015-16**; 3) **contas anuais de 2014**.

2. AVAIS PERSONAIS MANCOMUNADOS

É unha das características da natureza **non bancaría de Coop57**, que lle permite á Cooperativa desenvolver certos procesos de acordo cos principios de capacidade e liberdade, como o son garantir as achegas de capital das sócias colaboradoras e a viabilidade da continuidade na aprobación de empréstitos ás entidades sócias de servizos por parte da Cooperativa.

Os avais personais mancomunados son o sistema de garantías de Coop57, que permite acceder ás entidades sócias a financiamento, coas seguintes características :

- Supoñen un compromiso persoal e individual das sócias da entidade solicitante e da súa contorna co proxecto a financiar, en base ao principio de coñecemento e confianza.
- Daquela este compromiso non supón unha inmovilización e desembolso de diñeiro; depósitos, fianzas,... para as avalistas.
- Permite ter información do nivel de implicación da entidade financiada coa súa base social e a súa contorna, e a confianza que xera a devandita entidade nas mesmas.
- Tamén permite reducir o risco da operación de empréstito tanto para a entidade beneficiaria como para Coop57, canto máis se reparta o importe do mesmo entre máis avalistas.
- Formalízanse através dun documento privado, que non precisa de tramitación notarial, e no que non se solicita información económica e patrimonial da avalista (nóminas; ...)
- Cada persoa e entidade avalista apenas responderá pola parte do empréstito que avale, no caso de que a entidade beneficiaria do mesmo non poida afrontar a súa devolución. O ritmo e importe da devolución da cantidade avalada fixarase de forma conxunta entre a fiadora e Coop57, de acordo coas posibilidades da primeira e non implicará a aplicación de xuros sobre a mesma.

3. COMO PODES AVALAR O EMPRÉSTITO DE SINERXIA?

As persoas e entidades que queirades solicitar **máis información e/ou formalizar o aval** para a operación de empréstito a solicitar por **SINERXIA** , recomendamosvos facelo através do teléfono **986 896 526** e/ou correo-e : sinerxia@sinerxia.org , seguindo os seguintes pasos :

1º) Confirmar a **SINERXIA** a túa vontade de subscreber un aval e o importe a avalar **antes 1 do de Setembro de 2015**. O importe recomendado por avalista abranguerá entre **un mínimo de 100,00 € e un máximo de 3.000,00 €**.

2º) Despois da data antes exposta, solicitaremos a cada avalista cumprimentar e asinar o modelo de aval para este empréstito, que xuntamos con este informe. O aval será enviado, xunto co DI para particulares ou CIF para entidades, en formato escáner a **SINERXIA** para súa revisión e confirmación.

3º) Envío por correo ordinario do orixinal do aval á sede social de **SINERXIA** situada na rúa **Fernández Villaverde, 4 1º Andar Dereita 36002 Pontevedra**.

Agradecemos a difusión desta información entre aquelas entidades e persoas que puidesen ter vontade de colaborar.

Por último, **SINERXIA** de acordo aos principios de confianza e transparencia coas avalistas desta solicitude de financiamento, comprométese a unha información permanente a respecto da resolución e evolución da mesma. A saber, o número de avalistas e importe avalado; a resolución da solicitude por parte de Coop57; o contrato do empréstito asinado entre SINERXIA e Coop57; calquera incidencia no proceso de amortización parcial e a cancelación da mesma.

Pontevedra, 27 de Xullo de 2015